

PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CAMPUS DE VIGO E SINATURA DUN CONVENIO CON ESCOLAS INFANTÍS NOS CAMPUS DE OURENSE E PONTEVEDRA PARA AS/OS FILLAS/OS DOS MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITAIRA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Ante a demanda dos traballadores (P.A.S. e P.D.I), así como das/dos alumnas/os da Universidade de Vigo sobre a imprantación dunha escola infantil para os seus fillos co fin de que a Universidade de Vigo facilite a conciliación familiar da comunidade universitaria. Esta conciliación da vida laboral e familiar debe enfocarse, fundamentalmente, dende medidas directas á persoa que precisa de dita conciliación a través dunha rede de servizos sociais públicos de calidade.

Tendo en conta a realidade do noso entorno, no campus de Vigo traballan e estudian o seguinte número de P.D.I., P.A.S e Alumnado:

CAMPUS	P.D.I	P.A.S.	ALUMNOS
VIGO	960	440	15.195
PONTEVEDRA	300	70	3.594
OURENSE	386	95	5.894
TOTAL	1.646	605	24.683

Na educación infantil, **4 de cada 5 nenos galegos** de menos de 3 anos non poden acceder a unha praza na escola pública, así como o cambio dos roles tradicionais que adicaban ás mulleres ó coidado do entorno doméstico e de todos os membros da familia e hoxe, aínda que con dificultades, as mulleres estanse a incorporar a todas as actividades: traballo remunerado, estudos universitarios, sociais, políticas e outras.

É preciso, polo tanto, que a institución universitaria de servizos de apoio ás familias que posibiliten o pleno desenvolvemento de todos os membros das familias a través de servizos que axuden a criar fillos e fillas, axudando á conciliación familiar das/dos traballadoras/es e estudantes da Universidade de Vigo.

A Xunta de Persoal funcionario de administración e servizos acaba de organizar o I Campus Camp 2005 no campus de Vigo e Pontevedra e o II Campus Camp en Ourense (organizado polas compañeiras P.A.S. María Teresa Díaz Álvarez e Raquel Iglesias Domínguez) para fillos/as do profesorado e PAS da Universidade de Vigo. O éxito desta iniciativa é innegable, máis de 90 nenos/as no Campus de Vigo, 25 en Ourense e 10 en Pontevedra. Entendemos que existe unha demanda real deste servizo, non só para o mes de xullo, senón que hai unha demanda e necesidade real para todo o curso académico, polo tanto, imos solicitar do equipo de goberno a posta en marcha dunha Escola Infantil na nosa Universidade.

A nosa demanda vai ir reforzada ou documentada nos seguintes aspectos:

1. Autorización administrativa de creación da Escola.
2. Requisitos xerais, segundo lexislación, do centro.
3. Requisitos específicos, segundo lexislación, do centro.
4. Persoal necesario (ratios alumna/o-idade-número).
5. Normas de funcionamento: horarios,prezo,solicitudes e outras.
6. Instancias ou escritos (podese baixar o modelo na páxina web da Xunta de Persoal) solicitando a imprantación desta Escola cos seguintes datos: nome e apelidos do solicitante, lugar do traballo ou centro, teléfono de contacto, correo electrónico, nome/s do/s nenos/as e idade dos mesmos.

1.- AURORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DE CREACIÓN DA ESCOLA

Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais. No capítulo II. Das autorizacións administrativas dí o que segue:

Artigo 4º

1.-Para os efectos do presente decreto enténdese por autorización o acto polo cal a Administración autonómica permite a creación, modificación ou peche dos centros prestadores de servizos sociais, así como o inicio ou cesamento das súas actividades co fin de garanti-la calidade na prestación dos servizos, os dereitos dos usuarios, e unha asistencia axeitada ás súas necesidades.

2.-Para que os centros dependentes dunha entidade poidan ser autorizados será necesario que cumpran os requisitos xerais e específicos relativos á calidade da prestación, persoal e condicións arquitectónicas e de equipamento que se establecen na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, neste decreto e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 5º

Terán a consideración de centros todos aqueles equipamentos, establecementos e instalacións regulamentariamente tipificados nos que se desenvolven dun xeito estable e continuado servizos, programas e actividades de atención directa nas distintas áreas de actuación dos servizos sociais.

Artigo 6º

Os centros de servizos sociais estarán suxeitos ó seguinte réxime de autorizacións:

- a) Aqueles que dependan de entidades prestadoras de servizos sociais de iniciativa privada, social ou lucrativa precisarán autorización administrativa previa para a súa creación, construción ou modificación substancial, así como o correspondente permiso de inicio ou cesamento de actividades neles.
- b) Os centros dependentes de entidades locais precisarán unicamente permiso para o inicio ou cesamento das súas actividades.

- c) Os centros de servicios sociais propios da Administración autonómica crearanse por decreto precisando orde da consellería competente para o inicio das súas actividades.

2.- REQUISITOS XERAIS (artigo 7 do Decreto 243/1995, do 28 de xullo).

Artigo 7º

1.-Tódolos centros de servicios sociais, calquera que sexa a súa tipoloxía ou titularidade, deberán cumpri-los seguintes requisitos xerais:

1.1.-Materiais:

- a) Adecuarse ás normas técnicas, sanitarias, de hixiene e de seguridade, previstas na lexislación vixente que lles sexa aplicable.
- b) Estar situados en áreas integradas ou próximas a núcleos urbanos, salvo que o programa de intervención social esixa outro emprazamento máis adecuado.
- c) Situar-se preferentemente en planta baixa ou primeira, agás os centros que constitúan edificios de uso exclusivo.
- d) Aqueles con máis de un piso de altura disporán de ascensor con capacidade para o traslado de usuarios con limitacións graves de mobilidade.
- e) Estar dotados de iluminación e ventilación suficiente, así como de calefacción que garanta unha temperatura interior adecuada, e auga quente en sanitarios e cociña.
- f) Dispor dun plano de evacuación, sistema contra incendios así como iluminación e sinalización de emerxencia.
- g) Adecuarse á tipoloxía dos usuarios, e contar co equipamento mobiliario que precisen segundo as súas características.
- h) Cumpri-la normativa vixente en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras.
- i) Dispor de instalación telefónica co exterior, e sempre que o centro teña unha capacidade superior a 25 prazas deberá contar ademais como mínimo cunha liña para uso exclusivo dos usuarios.

1.2.-Funcionais:

- a) Estar adaptados funcionalmente ás condicións dos seus usuarios, así como ós programas que nos mesmos deban desenvolverse.
- b) Garantir tódolos dereitos legalmente recoñecidos ós usuarios.
- c) Os centros de carácter residencial deberán dispor dun regulamento de réxime interior e dun libro rexistro de usuarios.
- d) Ter un libro de reclamacións á disposición dos usuarios.
- e) Ter subscripción póliza de seguros de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións ós usuarios e sinistros do edificio.
- f) Expoñer, para coñecemento dos usuarios, tanto as autorizacións concedidas como, se é o caso, os prezos dos servicios prestados.

2.-Malios requisitos xerais establecidos no apartado anterior, os centros deberán, ademais, adecuarse ós requisitos específicos que, de acordo coa súa tipoloxía e área de actuación a que se dirixa, se establezan nas correspondentes ordes de desenvolvemento deste decreto.

3.- REQUISITOS ESPECÍFICOS (Orde do 29 de febreiro de 1996 pola que se regulan os requisitos específicos que deben reunir os centros de menos e os centros de atención á infancia).

II. CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA.

Son centros de atención á infancia os equipamentos que, baixo diferentes denominacións (centros de atención á primeira infancia, escolas infantís, garderías infantís, ludotecas, centros de xogo, etc.), organizan o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo co fin de contribuír ó seu benestar e ó seu proceso evolutivo. Sen prexuízo dos requisitos específicos que por razón da súa tipoloxía se poidan establecer, estes centros deberán reuni-los seguintes requisitos xerais:

a) Situación.

Deberán estar afastados das actividades consideradas como molestas, insalubres, nocivas e perigosas e, nos proxectos arquitectónicos, terase en conta unha boa integración co medio ambiental, así como a súa adecuación ás condicións bioclimáticas do lugar.

b) Espacios exteriores.

-Deberán estar tratados cos materiais adecuados segundo os usos, dispoñendo das instalacións correspondentes tales como drenaxe, iluminación, toma de auga, sinalizacións, etc.

-Os desniveis do terreo, muros de contención ou elementos perigosos, cando sexan inevitables pola topografía do terreo, deberán estar debidamente protexidos e sinalizados.

-Cando no recinto do propio centro exista un espacio ó aire libre dedicado ó espaxamento dos nenos, este deberá estar debidamente delimitado, evitando un tratamento excesivamente pechado. Será recomendable a existencia de soportais, ben adosados ou exentos, segundo as condicións bioclimáticas da zona.

-Cando o espacio ó aire libre para espaxamento se trate dun parque público, este deberá estar debidamente mantido e conservado, así como ofrecer unhas condicións de seguridade axeitadas.

-Nas áreas exteriores de xogos que dispoñan de equipos de aparellos (tobogáns, bambáns, estruturas para gabear, balancíns, estruturas multixogos, etc.) estes deberán estar deseñados de xeito que non impliquen riscos nin problemas de uso e mantemento, así como de material apropiado.

c) Espacios interiores.

-Os materiais utilizados serán adecuados á idade dos nenos e nenas. Evitaranse superficies rugosas e arestas nas paredes. Os pavimentos serán de superficie cálida, lisa e antiesvarante, impermeable e continua, que permitan futuras redistribucións do espacio. As pinturas serán impermeables e non tóxicas.

-Os servizos sanitarios estarán dotados de auga fría e quente, con billas hidromesturadas. O tamaño dos sanitarios será proporcionado ás idades dos nenos.

- O mobiliario será de superficie non porosa, que non poida facer estelas, de bordes romos e ángulos redondeados sen salientes agresivos e de medidas axeitadas ós nenos.
- Os xoguetes serán atraumáticos, atóxicos, lavables e axeitados ás idades dos nenos.
- O deseño de portas e ventás respostará a criterios de funcionalidade, seguridade e durabilidade, de tal xeito que as portas de paso disporán da protección necesaria para evitar pilla-los dedos.
- Os elementos calefactores posuirán a protección necesaria para evita-las queimaduras por contacto.
- Os enchufes da luz serán de seguridade.

d) Persoal.

- Todo o persoal que realice funcións educativas, de coidados ou vixilancia dos nenos deberá acredita-lo seu correcto estado de saúde e periodicamente someterase a un recoñecemento médico axeitado para acreditar que non padece enfermidade infecto-contaxiosa nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as súas funcións. Será igualmente preceptiva, a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adopta-las medidas sanitarias preventivas que correspondan, durante os 3 meses despois da vacinación.
- O persoal que manipule alimentos deberá dispoñer do correspondente carné de manipulador de alimentos.

4.- PERSOAL NECESARIO

Os centros que atendan nenos de 0 a 6 anos deberán contar cun mínimo de 6 unidades, 3 para cada un dos ciclos, agás nos casos en que a demanda actual non xustifique a existencia dun centro completo, e reuni-los requisitos que en canto a instalacións materiais se sinalan nos dous apartados anteriores, tendo en conta que a sala de usos múltiples e o patio de xogo poden ser comúns para ámbolos dous ciclos, se ben as dimensións do patio de xogos deberán se-las establecidas no apartado B.

- b). O incremento a que se refire este apartado aplicarase, exclusivamente, no caso de que as unidades que excedan de 6 correspondan ó segundo ciclo. Os centros regulados neste apartado disporán de:
- Un despacho de dirección.
 - Unha secretaría.
 - Unha sala de mestres de tamaño axeitado ó número de prazas autorizadas.

c) Requisitos específicos de persoal. Ratios.

A relación adulto/neno será, como máximo, a seguinte:

- Unidades para nenos menores de 1 anos: 1/8.
- Unidades para nenos de 1 a 2 anos: 1/13.
- Unidades para nenos de 2 a 3 anos: 1/20.

-Unidades para nenos de 3 a 6 anos: 1/25.

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os nenos poderán ser agrupados do seguinte xeito:

1. Grupos formados por nenos de ata 2 anos de idade: 1/10-12.

Grupos formados por nenos maiores de 2 anos: 1/20.

2. Grupos formados por nenos de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15.

Grupos formados por nenos de idades comprendidas no tramo 3-6: 1/25.

Titulación de persoal.

O persoal dedicado a funcións educativas e de atención directa ós nenos deberá estar en posesión das seguintes titulacións:

Primeiro ciclo (0-3):

-Mestre especialista en educación infantil ou equivalente.

-Técnico especialista en xardín de infancia.

-Técnico superior en educación infantil.

Segundo ciclo (3-6):

-Mestre especialista en educación infantil ou equivalente.

Os centros de atención á primeira infancia nos que se imparta exclusivamente o primeiro ciclo, deberán contar con persoal cualificado en número igual ó de unidades en funcionamento máis un.

Por cada seis unidades ou fracción deberá haber, alomenos, un mestre especialista en educación infantil ou equivalente.

Os centros de atención á primeira infancia nos que se imparta exclusivamente o segundo ciclo deberán contar, como mínimo, cun mestre especialista en educación infantil, ou equivalente, por cada unidade.

Os centros nos que se impartan os dous ciclos deberán contar co persoal cualificado referido para os centros de primeiro e segundo ciclo.

Cando o centro ofrezca servizo de comedor, nas distintas modalidades, este deberá dispoñer do persoal necesario para o desenvolvemento das funcións propias deste servizo.

d) Requisitos funcionais.

Os centros de atención á primeira infancia adaptarán o seu funcionamento a un proxecto educativo de centro que defina a súa identidade, formule os obxectivos que se pretenden acadar e exprese a súa estrutura organizativa.

5.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO: HORARIOS,PREZO E OUTROS.

Collemos como referencia ou exemplo a Escola Infantil "Breogan" da Universidade de Santiago de Compostela. Para poder facer uso da Escola "Breogan" é requisito obrigatorio que o pai ou a nai sexa traballador/a a tempo completo da Universidade ou ben, no caso de ser estudante, que estea matriculado/a dun curso completo e cumprir os requisitos académicos esixidos pola convocatoria xeral de bolsas e Axudas ao estudo realizada polo Ministerio

de Educación e Ciencia. Faise unha excepción no caso de que a estudante fose a nai e dese a luz durante o curso.

HORARIOS

O servizo está aberto no horario que cubra as necesidades do persoal, PAS e PDI, así como os estudantes da Universidade de Vigo.

O horario de actividades pedagóxicas propiamente ditas é de 10:00 á 13:00 horas e de 14:00 a 18:00 da tarde.

Segundo a Orde 29/02/96 que regula ós centros de atención á infancia, no seu apartado b) se dí: “a estadía no centro non se prolongue máis de 8 horas diarias, agás en circunstancias excepcionais”.

PREZOS DO SERVIZO.- Dun xeito orientativo informamos das taxas da Escola Infantil Breogán da Universidade de Compostela:

Cuota inferior: 57,70 euros

Cuota superior: 100,97 euros

Cuota comedor: 67,61 euros

MODELO DE SOLICITUDE (anexo I)

Tendo en conta que na Universidade existe unha demanda real deste servizo, que hai espazo suficiente para poder ofertalo, así como institución pública e de calidade que é a Universidade de Vigo ten unha obriga coas traballadoras/es no que respecta á conciliación familiar,

SOLICITAMOS

1. A imprantación dunha Escola Infantil no Campus de Vigo.
2. A sinatura dun convenio de colaboración cunha Escola Infantil no Campus de Ourense e Pontevedra.

Vigo,
O Presidente da Xunta de Persoal

Xoán M. Cebro Rodríguez

ANEXO I

**XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO
ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

PROFESOR <input type="checkbox"/>	P.A.S. <input type="checkbox"/>	ALUMNO/A <input type="checkbox"/>
---------------------------------------------	-------------------------------------------	---------------------------------------------

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE

Lugar de Traballo ou estudos	Teléfonos de contacto	Correo electrónico

DATOS DO/S NENO/S

NOME/S	IDADES

OUTROS DATOS DE INTERESE

HORARIO	
UTILIZACIÓN DO COMEDOR	
MESES	

OBSERVACIÓNS E SUXERENCIAS
